

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de xullo de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/07/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/07/2019
- III. Modificación dos horarios para o curso académico 2019-2020 das titulacións de Grao impartidas na Escola:
 - a. Solicitude de cambio de horario da materia *Física: Sistemas Térmicos*.
 - b. Horarios modificados (2º curso – GERME e GEE).
- IV. Horarios do Máster en Xeoinformática
- V. Calendario de exames do Máster en Xeoinformática
- VI. Guías Docentes do Máster en Xeoinformática
- VII. Asignación de equipamento a laboratorios docentes
- VIII. IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material
- IX. R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia

Ábrese a sesión ás 13 horas e 4 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

A Directora informa sobre as seguintes cuestións.

2.1 Actividades de representación

- 10 de xullo. Reunión da Directora con Diana Carrera, dinamizadora xuvenil do Programa “Rede Galega de Dinamización Xuvenil” da Dirección Xeral de Xuventude, Participación Cidadá e Voluntariado da Xunta de Galicia.
- 11 de xullo. Asistencia da Directora á sesión da Comisión de Calidade da Universidade.

2.2 Mobilidade e Internacionalización

A Directora informa da concesión do proxecto ERASMUS KA107, solicitado en colaboración coa “Universidad Católica del Norte” (Antofagasta) e a “Universidad Federico Santa María” (Valparaíso), no que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía actúa como coordinadora do proxecto. A Directora sinala que se concedeu unha mobilidade entrante e outra saínte en cada categoría (estudantado, profesorado e PAS). Ao longo da semana Iago Pozo reunírase coa Directora da ORI para estudar a posibilidade de redistribuír a mobilidade.

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo como responsable de RRII do centro.

2.3 Igualdade

Teresa Rivas, Enlace de Igualdade do centro, coordinou a presentación dunha axuda á Deputación de Pontevedra para a realización do proxecto “*Ingreso, rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de enxeñaría da UVIGO*”, integrando na participación do proxecto a 10 investigadoras e investigadores da UVIGO e UDC.

Agradécese o traballo realizado por Teresa Rivas como responsable de Igualdade do centro.

2.4 Actividades desenvolvidas no centro

2.4.1 Defensa de Traballos Fin de Grado e Traballos Fin de Máster

O pasado 15 de xullo realizouse o acto de exposición pública dos TFG do Grao ERME (6 TFG).

Os días 16 e 17 de xullo tiveron lugar os actos de exposición pública dos TFG do Grao en EE (12 TFG).

O día 18 de xullo tivo lugar o acto de exposición pública dos TFM do Máster en Enxeñaría de Minas (6 TFM).

No relativo ao Máster en Xeoinformática, o acto de exposición pública dos TFM terá lugar no mes de xullo (6-8 TFM entre as 3 universidades: UVIGO, USC y UDC).

2.5 Información de procedementos administrativos y/ou académicos

2.5.1 Estado de preinscrición e matrícula das titulacións do centro

No relativo á situación da matrícula nas titulacións do centro a situación é a seguinte:

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: persoas convocadas 7, persoas matriculadas 5.

Grao en Enxeñaría da Enerxía: persoas convocadas 38, persoas matriculadas 17.

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: no primeiro prazo de preinscrición hai 5 solicitudes admitidas. O prazo de matrícula remata hoxe, 22 de xullo, e hai de momento 3 matrículas.

2.5.2 Modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía

No relativo á solicitude realizada á Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría Industrial sobre a valoración dos complementos de formación para o acceso ao Máster en Enxeñaría Industrial das persoas graduadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía conforme a titulación modificada, recibíuse comunicado informando do visto bo da proposta presentada. Solicítase se informe dos cambios que se realicen na memoria, por si fora necesario valoralos de novo.

2.6 Persoas egresadas

2.6.1 Concesión *Premio Nacional de Fin de Carrera* do curso 2014-2015

Robin Covelo Otero, egresado do centro recibiu un *Premio Nacional de Fin de Carrera* do “*Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*”, máis concretamente un terceiro premio na categoría de Enxeñaría e Arquitectura. Estes premios distinguen ás persoas egresadas que cursaron os seus estudos con maior brillantez e supoñen un recoñecemento oficial que tamén implica unha asignación económica.

<http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.edc7f2029a2be27d7010721001432ea0/?vgnnextoid=91083dbe5ab27610VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextchannel=4346846085f90210VgnVCM1000001034e20aRCRD>

2.6.2 Participación egresado no Programa “*MOVERS by FUE*”

Alexandre Pérez Rodríguez, graduado na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, foi seleccionado entre case 2000 candidaturas para participar na 6ª edición do programa “*Movers by FUE*” da “*Fundación Universidad-Empresa*”.

Este programa é unha experiencia formativa en centros e universidades internacionais para aqueles/as estudantes en prácticas que destacan polo seu desempeño académico, profesional e persoal, levada a cabo pola *Fundación Universidad-Empresa* e a *Asociación de Becarios de Excelencia Rafael del Pino*. Alexandre Pérez decidiu presentarse ao programa animado pola empresa *Maviva SG*, na que estaba a realizar prácticas e na que agora está a traballar como enxeñeiro técnico júnior de loxística e método.

https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/nove-dias-londres-boston-nova-york-co-programa-movers-fue-que-reconece-mellor-alumnado-practicar?fbclid=IwAR3o2aRU6REjtj9_Ligxm6A-wWmBmkf587MdJYO6M1R385cPm2uemKc7B7Y

2.6.3 Egresado do centro investigador no MIT

David Pérez Piñeiro foi seleccionado fai dous anos pola Fundación A Caixa para desenvolver unha beca que lle permitiu continuar os seus estudos de Enxeñaría da Enerxía da Universidade de Vigo na Universidade Noruega de Ciencia e Tecnoloxía. No país nórdico cursou o máster “*Natural Gas Technology*” o que lle permitiu especializarse en xeración de enerxía, mecánica de fluídos computacional, métodos numéricos e control de procesos. Agora ven de dar un novo paso na súa carreira como investigador e desde xaneiro deste ano realiza unha estancia en Boston, no *Process Systems Engineering Laboratory*, do *Massachusetts Institute of Technology (MIT)*, onde termina o seu traballo de fin de máster.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2019/05/26/reto-cientifico-usar-conocimiento-resolver-problemas/0003_201905L26C12991.htm?fbclid=IwAR06hK94nJErQBVN9faDhgulkp81yXlOIV_az1JkE4qqnQRkO7DOKN4_V70

3. Aprobación, se procede, dunha modificación dos horarios dos Graos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico.

A Directora da lectura á solicitude de cambio de horario da materia *Física: Sistemas Térmicos* presentada polo profesor Enrique Granada e cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta a xustificación do cambio e expón os detalles da proposta que afecta aos horarios do segundo curso dos dous Graos da Escola (Anexo III).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos horarios do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.

A Directora comenta que o Máster en Xeoinformática comezou un proceso de extinción e que neste curso teñen dereito a recibir docencia dos créditos que lle restan ao alumnado que no curso pasado se matriculou a tempo parcial.

Comenta a proposta de horarios para o Máster en Xeoinformática (Anexo IV). María Araújo comenta que hai docencia programada en carnavais e pode que nalgún festivo.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento coa condición de que se revisen as datas mencionadas. A Directora agradece a Pedro Arias o traballo realizado como coordinador da titulación.

5. Aprobación, se procede, do calendario de exames do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.

A Directora comenta brevemente o calendario de exames do máster (Anexo V).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta. A Directora agradece a Pedro Arias o traballo realizado como coordinador da titulación.

6. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.

A Directora comenta que as guías docentes (Anexo VI) están elaboradas soamente en galego e que son iguais as do curso pasado.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes. A Directora agradece a Pedro Arias o traballo realizado como coordinador da titulación.

7. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2019/2020.

A Directora fai unha breve exposición das solicitudes recibidas e comenta que estas se recollen no rexistro IT02-PA07 do procedemento de calidade do centro, que se tratará no seguinte punto da orde do día.

A continuación cede a palabra a David Patiño, Subdirector de Infraestruturas e AA.EE. do centro, que expón que se trata dunha partida para material inventariable e que, a diferenza de anos anteriores, a partir deste curso non se permite incluír gastos de software. Fíxose unha consulta e hoxe mesmo confirmaron que, xa que a información acerca do cambio de sistema chegou no último momento, vai aceptarse de xeito excepcional a inclusión de gastos de software este ano. Deste xeito, incorporando as solicitudes de software ao documento enviado con antelación sae un total de 13933,10 €, ao que hai que engadir outro software que se renova habitualmente polo centro, como Hysis, CYPE, Rocscience...

David Patiño aclara que aínda non está claro como se poderá resolver o tema do software para o futuro. Haberá que activar unha partida que non se utilizou ata o de agora, pero

non se podería traspasar nada dende a partida de equipamento. A Dirección estudará cal é a mellor solución xa que o software é necesario e supón unha cantidade importante.

Por último explica que, como se recolle no ANEXO VII, non é posible conceder todas as solicitudes: unha de máis de 19000€ ten que ser descartada e outra acéptase soamente de forma parcial.

Apróbase a proposta por asentimento. A Directora agradece a David Patiño a labor realizada na xestión do procedemento.

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora informa que os rexistros correspondentes foron aprobados previamente na Comisión de Garantía Interna de Calidade. A continuación expón brevemente os rexistros que se someten á aprobación da Xunta de Escola:

➤ **Procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:**

- **Rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia** no que se recollen as incidencias rexistradas. Concretamente neste curso, entrega de dúas actas fora de prazo.

➤ **Procedemento PA07 Xestión dos recursos materiais:**

- **Rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material** no que se recollen todas as solicitudes recibidas.

A asignación de equipamento dos laboratorios xa foi tratada no punto anterior.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. A Directora agradece a María Araújo e a David Patiño a elaboración dos documentos e agradece a Guillermo García a coordinación e organización de procedementos e rexistros do SGIC do centro.

Finalmente, a Directora comenta que se está a rematar a elaboración do rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección. Este se tratará nunha Comisión de Calidade a próxima semana e quedará pendente de aprobación para a próxima Xunta de Escola.

10. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 24 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/07/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/07/2019

ANEXO III

Modificación dos horarios para o curso académico 2019-2020 das titulacións de Grao impartidas na Escola:

- a. Solicitude de cambio de horario da materia Física: Sistemas Térmicos
- b. Horarios modificados (2º curso – GERME e GEE)

ANEXO IV

Horarios do Máster en Xeoinformática

ANEXO V

Calendario de exames do Máster en Xeoinformática

ANEXO VI

Guías Docentes do Máster en Xeoinformática

ANEXO VII

Asignación de equipamento a laboratorios docentes

ANEXO VIII

IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material

ANEXO IX

R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia